

## **Manifesto do Concello de Pontevedra polo 8 de marzo, Día Internacional da Muller 2025**

Real Academia da Lingua Galega:

Feminismo: Substantivo masculino. Doutrina que defende a igualdade de dereitos entre o home e a muller. Que é o que non se entende? A nós non nos parece tan complicado.

Bo día:

Moitas grazas por estar aquí este seis de marzo. Hoxe vimos aquí para agradecer os avances de quen se esforza por cambiar o comportamento machista ou ataque a calquera forma de igualdade, respecto e liberdade. As mulleres temos loitado moito para facernos un oco nesta sociedade gobernada por homes dende hai séculos, e pensamos que cada ano estamos máis preto de conseguilo.

Nas últimas eleccións xerais, o 23 de xullo do 2023, o 44% das bancadas foron ocupadas por mulleres. Igual que son mulleres seiscentas mil de entre case un millón de persoas que traballan na Sanidade. E somos nós tamén quen acadamos os mellores expedientes académicos.

Se chegamos ata aquí foi grazas ao esforzo de miles de persoas que ao longo da historia se implicaron na loita e mesmo lograron mudar as leis: E agora quen nos bica sen permiso pasa directamente á bancada en lugar de ser vitoreado. Entre quen se desmarcou para lograr que non nos sigan metendo goles, incluímos a todos eses homes que se responsabilizaron non só destas reformas colectivas senón tamén de pequenos cambios do día a día. Os homes que actuaron responsables e maduros, requisitos clave que lle queremos pedir a quen realmente crea na igualdade entre as persoas independentemente do seu sexo, xénero, raza ou condición social. Pedimos respecto e madurez para os retos que nos quedan por diante. Que ás veces son complexos de acadar debido ás tecnoloxías, á falta de educación en valores ou á incapacidade por parte da rapazada actual de ter unha opinión propia. A causa dos e das chamadas influencers, certa rapazada perde a capacidade de pensar por si mesma, e pasan a ser unha copia desas celebridades. Nos últimos tempos, moita xente famosa expresa a súa opinión sobre o feminismo e, aínda que hai moita que está completamente a favor, sempre hai algún cavernícola que quedou atrás. Por isto é necesario estar alerta ao contido das redes, e traballar para que as persoas volvan ter voz propia e non estean a copiar o que di a xente famosa. Todo o mundo ten dereito a pensar e opinar, pero hai cousas que non se poden debater. A verdade é indiscutible: é un feito demostrado e sen mutación ningunha. E a verdade é que o machismo é a actitude de preponderancia dos varóns respecto de nós e o

feminismo é a doutrina que defende a igualdade de dereitos entre home e muller. Nós somos as vítimas desas equivocacións léxicas. A moitas persoas, maioritariamente homes, non lles entra na cabeza que a palabra feminismo non pon a muller por riba do home, e que a palabra “feminazi” é unha falta de respecto a todas as que traballamos para un mellor futuro, non só para as nosas fillas senón para as fillas de todas. Para que ningunha sexa obrigada a casar cun home trinta anos maior, para que ningunha irmá afgá, ou de calquera outro país, siga sen ter dereito a falar ou a amosar calquera parte do seu corpo. Para que ningunha teña que soportar a ignorancia de quen non sabe diferenciar o machismo que nos lastra do feminismo que nos fai avanzar.

Pero hoxe non vimos aquí a explicar o feminismo a alguén que xa entende. Segundo moitos estudos, máis da metade das mulleres decláranse feministas mentres que os homes son só un 30%. E como máis do 80% deses homes son afeccionados ao fútbol imos intentar explicar o feminismo cun símil deportivo: a defensa sería o feminismo mentres que o machismo é o atacante. Pero un atacante que leva moito tempo intentando deixarnos atrás. Un atacante, pois, que está por diante da defensa, nun claro fóra de xogo. Así que calquera gol que nos meta é ilegal aínda que moitas veces quen arbitra non o vexa e todo pareza válido. Nós queremos que teñades claro que aínda que neste momento, o marcador parece reflectir vantaxe cara ao machismo, queda moito partido, e xuntas, e xuntos, faremos unha barreira para evitar que siga avanzando.

As mulleres somos máis da metade da poboación, e levamos séculos oíndo que somos inferiores. Aínda hoxe é isto unha realidade non só en países por desenvolver senón mesmo nas declaracións que temos que escoitar aquí, de boca de quen non se dá conta da súa situación de privilexio. Os números non menten: moitos homes pensan desta maneira, e o que é máis preocupante, aínda hai mulleres que os cren cando lles din que somos menos ca eles só polo xénero. Pero hoxe non vamos pór o foco nisto. Hoxe queremos agradecer os moitos avances que nos destes as persoas feministas. Grazas. Grazas pola loita constante, polos esforzos, polo cambio, pola reivindicación, pola axuda e pola colaboración. Aínda estamos lonxe de crear un mundo utópico para o feminismo, pero, grazas a moitas persoas que colaborades co voso esforzo estamos moito máis cerca de conseguilo.

Consello da Muller Nova do IES Sánchez Cantón, en representación do Consello da Muller  
Nova do Concello de Pontevedra  
Marzo 2025